



## As estacións visitables

Las estaciones visitables

Los petroglifos que se encuentran dentro del Área Arqueológica se caracterizan por la gran originalidad de las figuras representadas. El recorrido a través de las estaciones rupestres ofrece la posibilidad de contemplar un conjunto de grabados característicos del arte rupestre al aire libre de Galicia.


Cazoletas, combinaciones circulares, zoomorfos, trisqueles, esvásticas o el gran ciervo macho con vaciado interior de Nabal de Martiño, son sólo una muestra de la variedad de diseño y calidad de ejecución que atesora este yacimiento.

Desde el punto de vista compositivo podemos diferenciar la existencia de petroglifos sencillos, como los círculos concéntricos con cazoletas interiores del Outeiro da Forcadela, y de otros extraordinariamente complejos, como el gran panel de Laxe das Cruces, que contiene un numeroso y heterogéneo conjunto de motivos geométricos y naturalistas, o la gran escena de caza grabada en Nabal de Martiño.

Os petróglifos que se atopan dentro da Área Arqueolóxica de Tourón caracterízanse pola grande orixinalidade das figuras representadas. O percorrido a través das estacións rupestres ofrece a posibilidade de contemplar un conxunto de gravados característicos da arte rupestre ao aire libre de Galicia.

Cazoletas, combinacións circulares, zoomorfos, trisqueles, esvásticas ou o gran cervo macho con baleirado interior de Nabal de Martiño, son só unha mostra da variedade de deseño e calidade de execución que atesoura este xacemento.

Dende o punto de vista compositivo, podemos diferenciar a existencia de petróglifos sinxelos, como os círculos concéntricos con cazoletas interiores do Outeiro da Forcadela, e doutros extraordinariamente complexos, como o gran panel de Laxe das Cruces, que contén un numeroso e heteroxéneo conxunto de motivos xeométricos e naturalistas, ou a grande escena de caza gravada en Nabal de Martiño.



## O poboado

El poblado

Recentes traballos levados a cabo na Área Arqueolóxica de Tourón permitiron documentar evidencias da existencia dun posible poboado da Idade do Bronce. Posiblemente, os grupos humanos que ocuparon este lugar entre o III e II milenio a.C. viviron en poboados con cabañas máis ou menos circulares, realizadas con materiais vexetais e, ás veces, protexidas por unha estacada de madeira.

Recientes traballos llevados a cabo en el Área Arqueológica han permitido documentar evidencias de la existencia de un posible poblado de la Edad del Bronce. Posiblemente, los grupos humanos que ocuparon este lugar entre el III y II milenio a.C. vivieron en poboados con cabañas máis ou menos circulares, realizadas con materiais vexetais e, a veces, protexidas por unha empalizada de madeira.



## Uso das instalacións

Uso de las instalaciones

El Área Arqueológica de Tourón es un yacimiento de arte rupestre que ha sido recuperado y puesto en valor para disfrute de todos. Conservar el recinto y proteger los grabados depende de nuestro esfuerzo colectivo.

A Área Arqueolóxica de Tourón é un xacemento de arte rupestre para gozo de todos. Conservar o recinto e protexer os gravados depende do noso esforzo colectivo.



### LEMBRA QUE:

- 1 Non está permitido botar lixo nin calquera obxecto que poida danar o contorno.
- 2 Hai que respectar o arbolado e a vexetación existente no recinto.
- 3 Non se deben tocar os gravados nin danar as rochas.
- 4 Durante o percorrido só se deben utilizar as plataformas e os sendeiros marcados para a visita.

### RECUERDA QUE:

- 1 No está permitido arrojar basuras ni cualquier objeto que pueda dañar el entorno.
- 2 Hay que respectar el arbolado y la vegetación existente en el recinto.
- 3 Se ruega no tocar los grabados ni dañar las rochas.
- 4 Utilizar durante el recorrido sólo las plataformas y senderos marcados para la visita.



## Un grupo de cervos

Un grupo de ciervos

Los cérvidos son uno de los motivos más representados en los petroglifos gallegos. Los encontramos reproducidos en diferentes estilos, posturas y dimensiones, pero en todos ellos se observa un profundo conocimiento del comportamiento animal por parte del artista, así como su deseo de plasmar la realidad natural de forma certera.

Con frecuencia se representan actividades relacionadas con la berrea. Otras veces, se plasman manadas y grupos de ejemplares de diferente sexo y edad en actitud tranquila, ramoneando, como la réplica que puede contemplarse en uno de los humedales existentes en el área arqueológica.

Os cérvidos son un dos motivos máis representados nos petroglifos galegos. Atopámoslos reproducidos en diferentes estilos, posturas e dimensións, pero en todos eles se observa un profundo coñecemento do comportamento animal por parte do artista, así como o seu desexo de plasmar a realidade natural de forma atinada.

Adóitanse representar actividades relacionadas coa berrea. Outras veces, plásmanse mandas e grupos de exemplares de diferente sexo e idade en actitude tranquila, pacendo das árbores, como a réplica que pode contemplarse nun dos humedais existentes na área arqueolóxica.



## Observatorios da paisaxe

Observatorios del paisaje



Integrados en el recorrido se encuentran dos puntos desde los que observar el paisaje circundante. A través de las fotografías panorámicas que se presentan en las plataformas, podemos disfrutar de excelentes vistas sobre el paisaje del Área Arqueológica de Tourón y de su entorno.

Además, mirando con atención podemos descubrir la distribución espacial de las estaciones rupestres y las diferentes estrategias de ocupación del territorio desde la Edad del Bronce a la actualidad.

Integrados no percorrido, atópanse dous puntos dende os que se pode observar a paisaxe circundante. A través das fotografías panorámicas que se presentan nas plataformas, podemos gozar de excelentes vistas sobre a paisaxe da Área Arqueolóxica de Tourón e do seu contorno.

Ademais, mirando con atención, podemos descubrir a distribución espacial das estacións rupestres e as diferentes estratexias de ocupación do territorio dende a Idade do Bronce á actualidade.

## Unha paisaxe cultural, un espazo de representación

Un paisaje cultural, un espacio de representación

Situada en pleno corazón del concello de Ponte Caldelas, el Área Arqueológica de Tourón atesora uno de los complejos de arte rupestre al aire libre más singulares del territorio gallego.

Un enorme yacimiento arqueológico con más de 150.000 metros cuadrados de extensión ofrece la posibilidad de visitar cinco estaciones rupestres con grabados, además de otros hitos culturales señalizados a lo largo del recorrido.

Situada en pleno corazón do concello de Ponte Caldelas, a Área Arqueolóxica de Tourón atesoura un dos complexos de arte rupestre ao aire libre máis singulares do territorio galego.

Un enorme xacemento arqueolóxico con máis de 150.000 metros cadrados de extensión ofrece a posibilidade de visitar cinco estacións rupestres con gravados, ademais doutros fitos culturais sinalizados ao longo do percorrido.

ÁREA  
ARQUEOLÓGICA  
DE TOURÓN

Comunidade de  
Montes de Tourón



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



C E N T R O  
A R Q U E O L Ó X I C O  
D E T O U R Ó N